

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01101	Anatomía humana: Anatomía humana para o movemento	1c	6
P02G050V01102	Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte	1c	6
P02G050V01103	Educación: Pedagoxía da educación física e o deporte	1c	6
P02G050V01104	Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio I	1c	6
P02G050V01105	Xogo motor	1c	6
P02G050V01201	Anatomía humana: Anatomía e kinesioloxía humana	2c	6
P02G050V01202	Psicoloxía: Psicoloxía da actividade física e o deporte	2c	6
P02G050V01203	Socioloxía: Socioloxía e historia da actividade física e o deporte	2c	6
P02G050V01204	Fundamentos da motricidade	2c	6
P02G050V01205	Fundamentos das actividades de loita	2c	6

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01301	Educación: Epistemoloxía das ciencias da actividade física, o deporte e a educación física	1c	6
P02G050V01302	Estatística: Metodoloxía da investigación e estatística na actividade física e o deporte	2c	6
P02G050V01303	Fundamentos dos deportes colectivos I	1c	9
P02G050V01304	Fundamentos dos deportes individuais	1c	9
P02G050V01401	Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio II	1c	6
P02G050V01402	Expresión corporal e danza	2c	6

P02G050V01403	Fundamentos dos deportes colectivos II	2c	9
P02G050V01404	Fundamentos dos deportes ximnásticos	2c	9

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01501	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I	1c	6
P02G050V01502	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I	1c	6
P02G050V01503	Valoración e prescrición do exercicio físico para a saúde	1c	6
P02G050V01504	Xestión e organización dos sistemas deportivos I	1c	6
P02G050V01601	Actividade física e deporte adaptado	2c	6
P02G050V01602	Actividade física e deporte recreativo	2c	6
P02G050V01603	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II	2c	6
P02G050V01604	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II	2c	6

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01701	Lecer e turismo deportivo	1c	6
P02G050V01702	Xestión e organización dos sistemas deportivos II	1c	6
P02G050V01801	Actividades físicas e de aventura no medio natural	2c	6

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01901	Actividades de fitness	1c	6
P02G050V01902	Xerontoloxía e actividade física	1c	6
P02G050V01903	Biomecánica da técnica deportiva	2c	6
P02G050V01904	Deportes náuticos	2c	6

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01906	Especialización en deportes colectivos	1c	6
P02G050V01907	Especialización en deportes individuais	1c	6
P02G050V01910	Programas de exercicio físico e benestar	1c	6
P02G050V01911	Psicoloxía do adestramento deportivo	1c	6

Curso 3			
Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01912	Socorrismo e a súa didáctica	1c	6

Curso 4			
Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01913	Emprendemento e innovación nas ciencias do deporte	1c	6
P02G050V01914	Adestramento de readaptación para a actividade física e o deporte	1c	6
P02G050V01915	Novas tendencias de exercicio físico en adultos maiores con patoloxías	1c	6
P02G050V01916	Especialización en deportes individuais II	2c	6
P02G050V01981	Prácticas externas: Practicum	2c	18
P02G050V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Anatomía humana: Anatomía humana para o movemento				
Materia	Anatomía humana: Anatomía humana para o movemento			
Código	P02G050V01101			
Titulacion	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Diz Gómez, José Carlos			
Profesorado	Diz Gómez, José Carlos Padín Iruegas, María Elena			
Correo-e	jcdiz@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias	
Código	
CG1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CE1	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas
CE2	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica de actividade física e deporte entre a poboación escolar
CE3	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, na proposta de tarefas nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte
CE4	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares debido á práctica de actividades físicas inadecuadas
CE8	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, durante o proceso do adestramento deportivo
CE16	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais ao campo da actividade física e a saúde

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.		CE1 CE2
Conceptualización e identificación do obxecto de estudo da anatomía para o movemento.	CG1 CG2	
Adaptación a novas situacións, resolución de problemas e aprendizaxe autónoma.	CG1 CG2	
Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da anatomía.	CG2	
Coñecemento e compresión dos factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.		CE3 CE4
Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	CG13	
Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.	CG13	
Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións.		CE8 CE16
Coñecemento e comprensión dos fundamentos, estruturas e funcións das habilidades e patróns da motricidade humana.		CE16

Contidos
Tema

1. Terminoloxía anatómica 2. Estrutura xeral do corpo humano 3. Anatomía do aparato locomotor 4. Neuroanatomía e esplacnoloxía	Xeneralidades: citoloxía, histoloxía i embrioloxía humana. Aparato locomotor: testa, colo, tronco e extremidades. Corazón e grandes vasos. Aparato dixestivo. Aparato respiratorio. Aparato xénito-urinario. Estesioloxía. Sistema Nervioso Periférico Craneal. Sistema nervioso da vida autónoma. Sistema Nervioso Central
Temario práctico	Prácticas de citoloxía e histoloxía. Prácticas de disección i estudo dos distintos tecidos. Identificación de estructuras en modelos anatómicos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	38	60.5
Prácticas de laboratorio	30	30	60
Exame de preguntas obxectivas	1.5	28	29.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia. Para o seu estudo os alumnos dispoñen en FAITIC das presentacións vistas na clase, así como material complementario, en versión dixital ou papel.
Prácticas de laboratorio	Con estas clases búscase que sirvan ó alumnos para una mellor comprensión e aplicación dos coñecementos teóricos. Tutorización individual ou en grupos pequenos para dudas e consultas. Realización de actividades tuteladas, con técnicas grupais participativas. Exercicios prácticos no laboratorio de Ciencias Morfolóxicas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Aclaración de dúbidas e exposición en grupos reducidos de aspectos específicos da materia. Manexo tutorizado de fontes de información.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Prácticas de laboratorio	Prácticas: Puntuarase tanto a asistencia como a calidade das actividades realizadas nas prácticas. Valoraranse os exercicios realizados, tanto individuais como en grupo. A nota final (NF) calcularase a través da nota de prácticas e avaliación continua (NEC) e a nota do exame final de preguntas obxectivas (NEF), mediante a seguinte fórmula (tomada de Bardina e Liz): NF=NECx0.3+(10-NECx0.3)x(NEF/10)	30	CG1 CG2 CG13	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE16
Exame de preguntas obxectivas	Exame teórico: Preguntas de cinco opcións, resposta única, sen puntuar negativos. Para aprobar é necesario contestar o 70% das preguntas correctamente. A nota final (NF) calcularase a través da nota de prácticas e avaliación continua (NEC) e a nota do exame final de preguntas obxectivas (NEF), mediante a seguinte fórmula (tomada de Bardina e Liz): NF=NECx0.3+(10-NECx0.3)x(NEF/10)	70	CG1 CG2 CG13	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE16

Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final (NF) calcularase a través da nota de prácticas e avaliación continua (NEC) e a nota do exame final de preguntas obxectivas (NEF), mediante a seguinte fórmula (tomada de Bardina e Liz): NF=NECx0.3+(10-NECx0.3)x(NEF/10)

Si non se superou a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na Convocatoria de Xullo.Manteranse os mesmos criterios en sucesivas convocatorias.As datas oficiais de exames poderanse consultar na web da Facultade: http://fcced.uvigo.es/

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

DRAKE RL. VOGL A., **Gray: Anatomía para estudiantes**, 3ª ed, Elsevier, 2015

GILROY AM., **Prometheus. Atlas de Anatomía**, 2ª ed, Panamericana, 2013

LIPPERT H, **Anatomía. Texto y atlas**, 4ª ed, Marban SL, 1999

MOORE KL, **Anatomía con orientación Clínica.**, 7ª ed, Lippincott Williams and Wilkins., 2013

NETTER FH, **Atlas de Anatomía Humana**, 6ª ed,, Masson S.A, 2015

OLSON TR, **A.D.A.M. Atlas de Anatomía Humana**, Masson-Williams & Wilkins, 1997
PAULSEN F. WASCHKE J., **Sobotta atlas de Anatomía Humana**, 23ª ed, Elsevier, 2012
WILLIAMS PL, **Gray Anatomía**, Elsevier, 1998
SCHÜNKE M, **Texto y Atlas de Anatomía**, 3ªed, Panamericana, 2015

Bibliografía Complementaria

FAWCETT DW, **Tratado de Histología**, 11ª ed, Interamericana McGraw Hill, 1989
WELSCH U, **Sobotta. Histologia**, Panamericana, 2014

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte				
Materia	Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte			
Código	P02G050V01102			
Titulacion	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Novo Carballal, Antonio Figueira Rodríguez, Alberto			
Profesorado	Figueira Rodríguez, Alberto Novo Carballal, Antonio			
Correo-e	anovo@uvigo.es AFIGUEIRA@UVIGO.ES			
Web				
Descrición xeral	A materia de Aprendizaxe e Control Motor na Educación Física y o Deporte analiza os procesos de aprendizaxe das condutas motoras, así como todos os aspectos relacionados cos procesos de recepción da información e o seu procesamento, os mecanismos de execución e decisión, e o programa motor.			

Competencias	
Código	
CG1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG5	Coñecemento e comprensión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre a estrutura e función do corpo humano.
CG7	Coñecemento e comprensión dos fundamentos, estruturas e funcións das habilidades e patróns da motricidade humana.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG14	Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións.
CG24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento e compresión dos fundamentos, característica e estrutura da aprendizaxe e control motor na Educación Física.	CG1 CG2 CG5 CG7 CG13 CG14 CG24 CG25 CG26
Coñecemento e comprensión do a práctica motriz e dos mecanismos na aprendizaxe motora. Asi como o coñecemento e comprensión dos procesos de adquisición da habilidade motora.	CG1 CG2 CG5 CG7 CG12 CG13 CG14 CG24 CG25 CG26

Coñecemento e comprensión da avaliación da aprendizaxe motora e da estrutura do programa motor	CG1 CG2 CG5 CG7 CG12 CG13 CG14 CG24 CG25 CG26

Contidos	
Tema	
1. Fundamentos, característica e estrutura da aprendizaxe e control motor na Educación Física	1.1. Comportamento motor: fundamentos, características, estrutura da aprendizaxe. 1.2. Evolución dos campos de estudo da aprendizaxe e control motor. 1.3. Perspectivas teóricas da aprendizaxe motora.
2. A práctica motriz como elemento de aprendizaxe na Educación Física.	2.1. Tipos de práctica. 2.2. Distribución da práctica. 2.3. Transferencia na práctica. 2.4. Variabilidade na práctica.
3. Control motor no ámbito da actividade física e o deporte.	3.1. Bases teóricas do control motor. 3.2. Fisioloxía do control motor. 3.3. Receptores e movemento.
4. Procesos de adquisición da habilidade motora.	4.1. Característica e estrutura da habilidade motriz. b. Dificultade e complexidade. 4.2. Etapas de adquisición da habilidade motriz. 4.3. Atención e aprendizaxe motora. 4.4. Memoria motriz, codificación e esquecemento. 4.5. Transferencia.
5. Mecanismos na aprendizaxe motora.	5.1. Modelos do comportamento motor. 5.2. A información na aprendizaxe motora (FB). 5.3. Percepción. 5.4. Decisión. 5.5. Execución.
6. Avaliación da aprendizaxe motora.	6.1. Avaliación da Aprendizaxe motora
7. O programa motor.	7.1. Estrutura da programación motora. 7.2. Programa motor e patrón neuromuscular. 7.3. A complexidade motora. 7.4. Tipos de programa motor.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	7.5	15	22.5
Prácticas de laboratorio	15	22.5	37.5
Lección maxistral	30	60	90
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Seminario	Realizaranse seminarios para profundar na análise dos mecanismos de feedback, tipos de práctica e o control motor. O alumnado terá que realizar traballos sobre os temas tratados.
Prácticas de laboratorio	Análise de vídeos. Prácticas onde se analizan os mecanismos de aprendizaxe. Prácticas sobre percepción e decisión.
Lección maxistral	O profesor exporá os contidos da materia, aclarando conceptos, clasificacións, técnicas de aplicación, fundamentos, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	Traballásense temas monográficos dos contidos, para aclarar e mellorar devanditos conceptos. A atención persoal ou tutoria realizásense nas horas establecidas no despacho 225 de maneira presencial e de forma telemática previa cita no despacho virtual 915, por correo electrónico ou calquera outro medio dispoñible e de común acordo

Prácticas de laboratorio	Traballásense de forma práctica os temas teóricos descritos nos contidos, para saber facer e comprender especificamente o temario proposto. A atención persoal ou tutoria realizásense nas horas establecidas no despacho 225 de maneira presencial e de forma telemática previa cita no despacho virtual 915, por correo electrónico ou calquera outro medio dispoñible e de común acordo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Seminario	Avaliarase: A calidade dos traballos A participación activa	15	CG1 CG2 CG5 CG7 CG12 CG13 CG14 CG24 CG25 CG26
Prácticas de laboratorio	Avaliarase: A calidade dos traballos A participación activa	10	CG1 CG2 CG5 CG7 CG12 CG13 CG14 CG24 CG25 CG26
Lección maxistral	Avaliarase cun exame tipo test e/ou pregunta curta. Para poder superar a materia o alumnado terá que acadar unha calificación mínima de 5 sobre 10 puntos neste apartado.	75	CG1 CG2 CG5 CG7 CG12 CG13 CG14 CG24 CG25 CG26

Outros comentarios sobre a Avaliación

Gardárase a cualificación de cada un dos apartados anteriores na convocatoria extraordinaria de xullo.

Todo o alumnado, asista ou non ás aulas, ten dereito a ser avaliado.

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Latash, **Neurophysiological Basis of movement**, HK,

Schmidt & Lee, **Motor Control and Learning**, HK,

Magill, R.A. & Anderson, D.I., **Motor Learning and Control: Concepts and Aplications**, McGraw-Hill,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Educación: Pedagoxía da educación física e o deporte				
Materia	Educación: Pedagoxía da educación física e o deporte			
Código	P02G050V01103			
Titulacion	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Ferreiro González, María Isabel			
Profesorado	Ferreiro González, María Isabel			
Correo-e	maferreiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A finalidade principal desta materia consiste en adquirir unha visión de conxunto sobre os principais fenómenos e problemas físico/educativos referidos ao seu quefacer profesional, para que o alumnado poida chegar a contemplar os procesos pedagóxicos como accións e feitos humanos que actúan coherentemente nun sistema social: analizar, relacionar e sintetizar os distintos elementos que constitúen estes procesos. Así mesmo preténdese que os alumnos e as alumnas saiban interpretar, ao final de curso, a realidade da educación física e deportiva nas súas dimensións fundamentais: o desenvolvemento da razón e o sentido crítico ó estudar a actividade dos citados procesos e o saber intervir a nivel educativo sobre esa realidade, tendo claro o seu papel como profesionais.			

Competencias	
Código	
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
CG16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas.	CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG16 CG25 CG26
Capacidade para planificar, desenvolver e avaliar a realización de programas de deporte e actividade física escolar.	CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG16 CG25 CG26

Contidos
Tema

1. Fundamentos pedagóxicos da Educación Física.	- Concepto de Educación Física. - Os fundamentos da Educación Física.
2. A Pedagoxía da Actividade Física e o Deporte. Concepto e relacións cos diferentes ámbitos.	- As Ciencias da Actividade Física e do Deporte como ámbito de coñecemento. - Pedagoxía da Educación Física e do Deporte.
3. A función docente na educación física.	- Competencias docentes en Educación Física. - Modelos de ensino-aprendizaxe.
4. O educando	- Elementos constituíntes da educación. Concepto, finalidades e características. - Dimensións e pilares da educación. - A educación formal, non formal e informal.
5. Teorías, paradigmas e correntes pedagóxicas en relación aos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte.	- Paradigmas do movemento humano. - Correntes pedagóxicas.
6. Principios pedagóxicos nos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte.	-- Coñecementos nos que se apoia a docencia en Educación Física. - Ámbitos e contidos da Pedagoxía Deportiva.
7. Procesos pedagóxicos de interacción na actividade física e deportiva.	- Aspectos pedagóxicos da actividade física e deportiva.
8. Pedagoxía dos valores e a súa implicación na actividade física e deportiva.	- Os valores na educación. Marco conceptual e consideracións iniciais. - A Educación Física como contexto específico na pedagoxía dos valores. - Técnicas para educar en valores. A súa aplicación á Educación Física.
9. Os estudos do currículo e a súa relación coa actividade física e o deporte.	- O currículo da Educación Física. Marco lexislativo. - Competencias e taxonomías.
10. Deporte e educación.	- Bases pedagóxicas para unha Educación Deportiva. - Deporte e cambio social no século XXI.
11. Reflexión e innovación sobre o acto educativo a través da actividade física e o deporte na sociedade actual.	- Aplicacións socioeducativas da actividade física e do deporte: saúde, turismo e benestar, reinserción social, actividades de tempo libre e de lecer, discapacidade, etc. - NNTT na actividade física e o deporte.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	45	75
Presentación	2	3	5
Traballo tutelado	15	26	41
Seminario	1	7	8
Resolución de problemas	6	10	16
Saídas de estudo	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaboradas e presentadas de forma expositiva ao grupo clase. A docente centrará a súa intervención, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada tema, procurando ofrecer de xeito condensado a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e relacionándoos cos outros temas da guía docente.
Presentación	A exposición por parte do alumnado consiste na presentación dun traballo incluido nos contidos. O recurso principal será a linguaxe oral, aínda que tamén pode estar acompañado de texto escrito. Esta presentación expositiva permitirá extraer os puntos máis importantes dunha ampla gama de información.
Traballo tutelado	Os traballos monográficos de aula terán como cometido a iniciación á investigación. Serán realizados de xeito individual ou en pequeno grupo, mediante o uso das TICs, documentos proporcionados pola docente, entrevistas ou reunións con profesionais ... A súa finalidade consiste na aplicación práctica de diferentes aspectos que constitúen os contidos da materia.
Seminario	Elaboración dun traballo, voluntario, relacionado coas actividades prácticas desta materia, en grupos e seguindo as directrices expostas na plataforma dixital Moovi.
Resolución de problemas	O citado traballo final da materia será especificado pola docente ao inicio do curso, unha vez feitas as propostas de varias temáticas relacionadas coa actividade física e deportiva e despois das oportunas orientacións, fontes documentais, bibliográficas e de webgrafía.
Saídas de estudo	Realizarase unha saída de estudos relacionada coa temática da materia, que clarificará aspectos teóricos tratados na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Para a súa preparación, realizarase atención personalizada -previa demanda- nas horas de titoría.
Lección maxistral	O alumnado ten a posibilidade de presentar as súas dúbidas. A docente, atendendo ás dúbidas, repasará conceptos, proporá novos exemplos ... Así mesmo, o estudantado poderá revisar a cualificación obtida na proba final escrita e demáis traballos que deban presentar, comprobando que ésta se axusta aos criterios de avaliación establecidos na guía docente.
Resolución de problemas	Para a súa elaboración, realizarase atención personalizada na aula e a demanda -se procede- nas horas de titoría.
Traballo tutelado	Nestas sesións, en grupos reducidos, realizarase un seguimento e resolveranse as dúbidas formuladas polo alumnado, en especial cando sexan comúns ou ilustren un caso interesante, coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos marcados para esta materia.
Seminario	Para asesorar, orientar e informar sobre temáticas a desenvolver á hora de realizar os traballos prácticos. Realizarase apoio, seguimento e evolución dos grupos de traballo por parte da docente. Así mesmo, aproveitaranse as titorías individuais para resolver posibles dúbidas relacionadas con aspectos concretos da materia, tanto teóricos como prácticos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	As sesións maxistrais serán avaliadas mediante unha proba obxectiva que inclúe preguntas directas sobre algún aspecto concreto do temario. Deste 50% que lle correspondería á cualificación global da parte teórica da materia, un 40% pódese obter a través da proba escrita e o 10% restante podería gardar relación cos procesos de avaliación continua (traballos de aula; preguntas orais, comentarios e participación sobre as explicacións da clase; actividades alternativas ou traballos específicos que faciliten a avaliación ao longo de todo o período lectivo; saída de estudos).	50	CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG25 CG26
Presentación	Avaliarase a claridade, profundidade e capacidade expositiva oral coa que se presente o traballo, diante da clase, así como a participación e actitude.	5	CG2 CG12 CG13 CG15 CG25 CG26
Traballo tutelado	Traballos monográficos a modo de iniciación á investigación, en grupos reducidos ou a nivel individual, que versarán sobre aspectos relevantes da Pedagoxía da Educación Física e do Deporte. Deberán ter requisitos de calidade académica e serán abordados ao inicio do cuadrimestre pola docente. Avaliarase o contido e a preparación dos materiais pertinentes que aporten calidade á materia, o formato axustado ós estándares científicos, a orixinalidade, a presentación ...	25	CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG16 CG25 CG26
Seminario	Avaliarase a súa realización/participación/actitude en relación á elaboración do traballo voluntario, por grupos ou a nivel individual, así como a implicación dos distintos membros na realización das tarefas a desenvolver ao longo do curso.	10	CG11 CG13 CG16 CG25 CG26
Resolución de problemas	Traballos sobre contidos específicos que aporten actualidade e reflexión crítica ás temáticas traballadas na aula. Estes traballos deberán ter uns requisitos de calidade académica e serán abordados pola docente ao inicio do curso.	10	CG12 CG13 CG15 CG16 CG25 CG26

Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da materia resultará da integración das distintas notas, debendo ser superadas todas as partes (teoría e prácticas) para poder obter unha cualificación positiva.

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na segunda convocatoria, mediante proba obxectiva e os traballos realizados ao longo do curso.

Tanto a cualificación da proba obxectiva coma a cualificación dos distintos traballos derivados da resolución de problemas, dos traballos de aula e das presentacións, feitos no seu momento durante o curso, seguirán vixentes na segunda convocatoria ou convocatoria extraordinaria.

O alumnado non asistente deberá contactar ao inicio do curso coa docente, para coñecer os prazos de entrega das diferentes actividades e traballos solicitados (similares aos realizados polo alumnado asistente).

Todo o alumando, asistente ou non asistente, ten dereito a ser avaliado (mediante un exame -proba escrita- e a entrega dos traballos prácticos obrigatorios).

As datas oficiais dos exames pódense consultar na Web da Facultade, na seguinte ligazón: www.fcced.uvigo.es/gl

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Arias, J.L., **Manual de prácticas de fundamentos pedagógicos del deporte**, Guadalupe, 2013

Dosil Díaz, J. (ed.), **Ciencias de la actividad física y del deporte**, Síntexis, 2003

Foro Mundial de Educación, Cultura y Deporte, **El Deporte: diálogo universal**, Consejo Superior de Deportes, 2004

Gil Roales-Nieto, J. y Delgado Noguera. M. A. (comps.), **Psicología y Pedagogía de la Actividad Física y el Deporte**, Siglo XXI de España, 1994

Paredes Ortiz, J., **Teoría del deporte**, Editorial Wanceulen editorial deportiva, 2003

Piéron, M., **Pedagogía de la actividad física y el deporte**, Junta de Andalucía, 1988

Prat Grau, Mª., **Actitudes, valores y normas en la educación física y el deporte: reflexiones y propuestas didácticas**, INDE Publicaciones, 2003

Rodríguez López, J., **Deporte y Ciencia: teoría de la actividad física**, INDE Publicaciones, 1995

Vázquez, B. (coord..), **Bases Educativas de la Actividad Física y del Deporte**, Editorial Síntexis, 2001

Bibliografía Complementaria

Arnold, P. J., **Educación Física, movimiento y curriculum**, Morata, 1990

Brasileiro, M. D. S., **El Deporte y el turismo de litoral: entre los cambios sociales**, Universidad de Granada, 2007

Carranza, M. y Mora, J. M., **Educación física y valores: educando en un mundo complejo. 31 propuestas para los centros escolares**, Graó, 2003

Castillo Algarra, J., **Deporte y reinserción penitenciaria**, Consejo Superior de Deportes, 2005

Denis, D., **El cuerpo enseñado**, Editorial Paidós, 1980

Devís Devís, J., **Educación Física, deporte y curriculum: investigación y desarrollo curricular**, Visor, 1996

Devís Devís, J. (coord..), **La Educación Física, el Deporte y la Salud en el Siglo XXI**, Marfil, 2001

Devís Devís, J. y Peiró Valert, C., **Nuevas perspectivas curriculares en educación física: la salud y los juegos modificados**, INDE Publicaciones, 1992

Giménez Fuentes-Guerra. F. J. et al., **Educación Física y diversidad**, Universidad, 2001

Gorostiaga Ayestarán, E. y Ibáñez Santos, J., **Deporte y Salud**, Gobierno de Navarra, 1996

Izquierdo Moreno, C., **El profesor y su mundo: guía para maestros y profesionales de la educación**, MAD, 2006

Latiesa Rodríguez, M. Martos Fernández, P. y Paniza Prados, J. L., **Deporte y cambio social en el umbral del siglo XXI**, Librerías Deportivas Esteban Sanz, 2001

Mandado Vázquez, A. y Díaz, P., **Deporte y Educación: pautas para hacer compatible el rendimiento y el desarrollo integral de los jóvenes deportistas**, Revista de Educación Nº 335, 2004

McCourt, F., **El profesor**, Maeva, 2007

Olivera Beltrán, J., **Bases pedagógicas para una educación deportiva**, Apuntes Educación Física y Deportes Nº 66, 2001

Pierón, M., **Para una enseñanza eficaz de las actividades físico-deportivas**, 2ª, INDE Publicaciones, 2005

Ruíz Omecaña, J. V., **Pedagogía de los valores en la Educación Física**, Editorial CCS, 2004

Sicilia Camacho, A. y Fernández Balboa, J. M., **La otra cara de la enseñanza: la educación física desde una perspectiva crítica**, INDE Publicaciones, 2005

Solar Cubillas, L. V., **Pierre de Coubertin : la dimensión pedagógica : la aportación del movimiento olímpico a las pedagogías corporales**, Gymnos, 2003

Torrebadella-Flix, X., **La educación física y la actividad gimnásticodeportiva de las mujeres a partir de la bibliografía especializada del siglo XIX**, ARENAL Nº 18, 2011

Trilla, J. (coord..), **El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI**, Graó, 2001

Vázquez, B. y Álvarez Bueno, G., **Guía para una educación no sexista**, Ministerio de Educación y Ciencia, 1996

Vicente Pedraz, M., **Teoría Pedagógica de la Actividad física. Bases epistemológicas**, Gymnos, S. A., 1988

Zagalaz Sánchez, Mª L., **Corrientes y tendencias de la Educación Física**, INDE Publicaciones, 2001

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio I				
Materia	Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio I			
Código	P02G050V01104			
Titulacion	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde Didácticas especiais			
Coordinador/a	González Matías, Lucas Carmelo			
Profesorado	Conde Sieira, Marta González Matías, Lucas Carmelo Mallo Ferrer, Federico			
Correo-e	lucascgm@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende introducir ao alumno nos conceptos básicos da fisioloxía humana que son aplicables ao exercicio e ao deporte.			

Competencias	
Código	
CG1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG3	Coñecemento e compresión dos factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.
CG5	Coñecemento e comprensión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre a estrutura e función do corpo humano.
CG10	Coñecemento e comprensión dos fundamentos do deporte.
CG16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
CG18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentales e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.
CG19	Capacidade para avaliar a condición física e prescribir exercicio físico orientado cara á saúde.
CG20	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.
CE8	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, durante o proceso do adestramento deportivo
CE10	Capacidade para identificar os riscos, que se derivan para a saúde dos deportistas, da práctica de actividades físicas inadecuadas no contexto do adestramento deportivo
CE16	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais ao campo da actividade física e a saúde

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias
Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.	CG1	
Capacidade de coñecer e comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.	CG2	
Capacidade de coñecer e comprender os factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.	CG3	
Capacidade de comprender os efectos da práctica do exercicio físico sobre a estrutura e función do corpo humano.	CG5	
Capacidade de coñecer e comprender os fundamentos do deporte.	CG10	
Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e o deporte.	CG16	
Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, de comportamento e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.	CG18	CE8 CE10 CE16
Capacidade para avaliar a condición física e prescribir exercicio físico orientado cara á saúde.	CG19	CE8 CE10 CE16

Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.	CG20	CE10 CE16

Contidos	
Tema	
1. Fisioloxía do sistema nervioso.	1) Introdución, historia e aspectos xerais. Significado da Fisioloxía. 2) Membrana plasmática. Características funcionais e transporte. Fenómenos eléctricos de membrana. 3) Fisioloxía da neurona. Organización funcional do sistema nervioso. Comunicación Neuronal: a sinapsis. Neurotransmisores e neurotransmisión 4) Control motor. Sistema nervioso autónomo ou vexetativo
2. Fisioloxía do músculo.	5) Estrutura e función do músculo estriado. 6) Mecánica da contracción muscular
3. Fisioloxía do sistema endocrino e metabolismo.	7) Sistema endocrino. Neuroendocrinoloxía. 8) Control endocrino do metabolismo
4. Sistemas enerxéticos e valoración fisiolóxica do exercicio.	9) Metabolismo enerxético 10) Valoración fisiolóxica do exercicio

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	30	30	60
Resolución de problemas	0	18	18
Lección maxistral	19	48	67
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Prácticas de laboratorio	Aplicación práctica dos temas estudados a nivel teórico. Realizaranse diversas prácticas en grupo, para unha maior fixación dos conceptos relacionados co sistema nervioso, a contracción muscular, as vías metabólicas e o control hormonal do exercicio, así como distintas probas de valoración do exercicio. As prácticas de simulación de procesos fisiolóxicos realizaranse na aula de informática. As prácticas e valoración Fisiolóxica do exercicio realízanse no laboratorio de fisioloxía do exercicio, nas pistas de atletismo ou noutras dependencias ou exteriores da Facultade.
Resolución de problemas	Formulación, análise, resolución e debate dun problema ou exercicio relacionado cos temas teóricos vistos na aula. E o seu seguimento poderá realizarse a través da plataforma de teledocencia da Universidade.MOOVI: https://moovi.uvigo.gal/login/index.php/
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Atenderase ao alumno ás preguntas e dúbidas expostas durante o desenvolvemento da materia preferiblemente por medios telemáticos ,baixo a modalidade de cita previa Por correo electrónico: Federico Mallo Ferrer: fmallo@uvigo.es Lucas C. González Matías: lucascgm@uvigo.es Por videoconferencia nos despachos virtuais: Sala 1494 - Prof. Federico Mallo Ferrer Sala 1183 - Prof. Lucas Carmelo González Matías ou través da plataforma de teledocencia MOOVI: https://moovi.uvigo.gal/login/index.php/
Prácticas de laboratorio	Atenderase ao alumno ás preguntas e dúbidas expostas durante o desenvolvemento das prácticas da materia preferiblemente por medios telemáticos , a través da plataforma de teledocencia MOOVI: https://moovi.uvigo.gal/login/index.php/ ou baixo a modalidade de cita previa por correo electrónico: Marta Conde Sieira: mconde@uvigo.es Federico Mallo Ferrer: fmallo@uvigo.es Lucas C. González Matías: lucascgm@uvigo.es Por videoconferencia nos despachos virtuais: Sala 1494 - Prof. Federico Mallo Ferrer Sala 1183 - Prof. Lucas Carmelo González Matías

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Prácticas de laboratorio	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia. Elaboración dun documento por parte do alumno no que se reflicten as características do traballo levado a cabo. Os alumnos deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados obtidos ou observacións realizadas, así como a análise e tratamento de datos.	20	CG5 CG10 CG16 CG18 CG19 CG20
Lección maxistral	Probas para a avaliación das competencias adquiridas, que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos, etc.). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	80	CG1 CG2 CG3 CG18 CG19 CG20

Outros comentarios sobre a Avaliación

A realización das prácticas é **obrigatoria** e aprobalas é un requisito para aprobar a materia.
A avaliación da teoría será mediante un exame escrito, principalmente preguntas tipo test, aínda que tamén poderá conter preguntas de resposta curta ou preguntas de desenvolvemento dun tema. No caso de dividir a materia en parciais será necesario obter unha puntuación de 5 sobre 10, en cada un dos dous parciais da materia para poder aprobala.
Na segunda e seguintes convocatorias, se gardará a nota das prácticas, no caso de que estas estivesen aprobadas e, na parte teórica manteranse os mesmos criterios que na primeira convocatoria.
Todo o alumnado, asista ou non ás aulas, ten dereito a ser avaliado, mediante un examen teórico-práctico nas datas oficiais de examen (http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Berne, Robert M.; Koeppen, Bruce M.; Stanton, Bruce A.; Levy, Matthew N., **Berne y Levy, Fisiología**, 6ª ed, Elsevier, 2009

Boron,Walter F.; Boulpaep, Emile L., **FISIOLOGÍA MÉDICA**, 3ª ed., Elsevier, 2017

McArdle, William D.; Katch, Frank I.; Katch, Victor L., **Fisiología del ejercicio : nutrición, rendimiento y salud**, 8ª ed., LIPPINCOTT WILLIAMS AND WILKINS. WOLTERS KLUWER H, 2015

Powers, Scott K.; Howley, Edward T., **FISIOLOGÍA DEL EJERCICIO. Teoría y aplicación a la forma física y al rendimiento**, 1ª ed, Editorial Paidotribo, S.L, 2014

Green, Howard J.; Wenger, Howard A; Mac Dougall, Duncan J., **EVALUACIÓN FISIOLÓGICA DEL DEPORTISTA**, 3ª ed, Editorial Paidotribo, S.L, 2016

Hall, John E., **GUYTON Y HALL. TRATADO DE FISIOLOGÍA MÉDICA**, 13ª ed, Elsevier, 2016

Bernardot, D., **Nutrición deportiva avanzada**, 2ª ed, Tutor, 2013

Bibliografía Complementaria

Kenney, W. Larry; Wilmore , Jack H.; Costill, David L., **Fisiología del Deporte y el Ejercicio**, 5ª Ed, Panamericana, 2014

Lopez Chicharro J.; Fernández Vaquero, **FISIOLOGÍA DEL ENTRENAMIENTO AERÓBICO**, Panamericana, 2013

Wilmore, J. y Costill, D., **Fisiología del esfuerzo y del deporte**, 6ª. ed., Paidotribo, 2013

Calderon Montero J., **Fisiología Humana aplicada a la actividad física.**, Panamericana, 2012

López Chicharro, José, **Fisiología del ejercicio.**, 3ª. ed, Panamericana, 2006

Pocock, Gillian, **Fisiología humana : la base de la medicina**, 2ª ed, Masson, 2005

BEAR, MARK F., **Neurociencia : la exploración del cerebro**, 3ª ed, Lippincott Williams & Wilkins., 2008

KANDEL, ERIC R., **Principios de neurociencia:**, 4ª ed, McGraw-Hill Interamericana, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio II/P02G050V01401

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Anatomía humana: Anatomía e kinesioloxía humana/P02G050V01201

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xogo motor				
Materia	Xogo motor			
Código	P02G050V01105			
Titulacion	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Pazos Couto, Jose Maria			
Profesorado	Pazos Couto, Jose Maria Romo Pérez, Vicente			
Correo-e	chema3@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es/ - https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral				

Competencias	
Código	
CG4	Coñecemento e comprensión dos factores comportamentales e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.
CG6	Coñecemento e compresión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre os aspectos psicolóxicos e sociais do ser humano.
CG7	Coñecemento e comprensión dos fundamentos, estruturas e funcións das habilidades e patróns da motricidade humana.
CG9	Coñecemento e comprensión dos fundamentos do exercicio físico, xogo motor, danza, expresión corporal e actividades na natureza.
CG10	Coñecemento e comprensión dos fundamentos do deporte.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentales e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.
CG24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.
CE1	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas
CE2	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica de actividade física e deporte entre a poboación escolar
CE4	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares debido á práctica de actividades físicas inadecuadas
CE6	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e do deporte

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Saber aplicar os coñecementos teórico-prácticos do xogo a diferentes situacións.	CG4 CG6 CG10 CG13 CG26	CE1
Saber identificar e seleccionar xogos en función dos obxectivos didácticos de diferentes tipos de sesións.	CG7 CG9 CG10 CG26	CE6
Ser capaz de reflexionar e desenvolver unha actitude crítica e autónoma na aprendizaxe dos contidos da materia.	CG4 CG7 CG9 CG10 CG13 CG24	CE1 CE6

Adquirir destrezas específicas do docente (animador, adestrador, profesor de E.F, etc.) na presentación de xogos motores e no liderado dun grupo de persoas.	CG4 CG6 CG13 CG24 CG25 CG26	
Adquirir actitudes de preparación, anticipación, observación, análise e toma de decisións para mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe en sesións de xogos motores.	CG7 CG9 CG10 CG13 CG24 CG25 CG26	CE1 CE4 CE6
Contribuír ao fomento da educación non sexista e para a paz.	CG4 CG9 CG10 CG26	CE1 CE2
Manexar adecuadamente as técnicas de traballo e as fontes documentais propias da materia.	CG4 CG7 CG9 CG10 CG12	CE1 CE2 CE6
Ser capaz de traballar en equipo e desenvolver habilidades de liderado.	CG4 CG7 CG10 CG24 CG25	CE1 CE6
Ser capaz de aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais y sociolóxicos o xogo motor.	CG4 CG6 CG7 CG18 CG25	

Contidos

Tema	
1. Fundamentos teórico-prácticos do xogo motor.	- Historia - Definicións - Clasificacións - Teorías - Características
2. Aspectos didácticos do xogo motor.	- Tipoloxías de sesións lúdicas. - Aspectos básicos da comunicación. - Metodoloxía de presentación e condución de xogos. - Recursos en función dos contextos.
3. Xogos e educación en valores.	- A educación en valores a través do xogo. - Xogos e xoguetes non sexistas. - Xogos e xoguetes de educación para a paz e a diversidade cultural. - Xogos tradicionais.
4. Xogos motores no medio natural.	- Historia e características. - Tipoloxía de xogos.
5. Xogos tradicionais sen material e con material simple.	- Historia e evolución dos xoguetes e materiais lúdicos. - O xogo motor e a sustentabilidade. - Elaboración de xoguetes e materiais lúdicos con material de refugallo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	10	0	10
Traballo tutelado	10	0	10
Prácticas de laboratorio	20	0	20
Aprendizaxe colaborativa	5	5	10
Resolución de problemas	0	15	15
Aprendizaxe baseado en proxectos	3	5	8
Prácticas con apoio das TIC	0	8	8
Estudo de casos	0	5	5
Presentación	5	10	15

Traballo	5	34	39
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Autoavaliación	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de introdución da materia e de diagnóstico inicial sobre os coñecementos do alumnado, así como presentar a materia.
Lección maxistral	O profesor exporá os contidos da materia, aclarando conceptos, clasificacións, técnicas de aplicación, fundamentos, etc.
Traballo tutelado	O alumnado participará na aula mediante tarefas de resolución de problemas e propostas/análises/avaliación de actividades relacionadas coa materia.
Prácticas de laboratorio	Trátase de participar activamente nas propostas prácticas desenvolvidas nas instalacións deportivas.
Aprendizaxe colaborativa	Enfoque interactivo de organización do traballo na aula no cal os alumnos/as son responsables da súa aprendizaxe e do dos seus compañeiros/as nunha estratexia de corresponsabilidade para alcanzar metas e incentivos grupales.
Resolución de problemas	Resolución de problemas teórico-prácticos.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.
Prácticas con apoio das TIC	Mediante o servizo de teledocencia MooVi, Faitic/Tema, o alumnado desenvolverá diferentes actividades concretas relacionadas coa materia obxecto de estudo (entrega de exercicios e traballos, etc.).
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Presentación	Presentacións e exposicións por parte do alumnado ante o docente e/ou grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Recoméndase ao alumnado que asista ao horário de tutorías para resolver as dúbidas dos traballos propostos.
Prácticas de laboratorio	Recoméndase ao alumnado que asista ao horário de tutorías para resolver as dúbidas dos traballos propostos.
